



Vista a instancia presentada pola **Escudería Taboadela**, representada por **Don Jorge Salgado Pérez**, co DNI: 44475710N, pretendendo a celebración da proba automobilística denominada **V Subida a Taboadela** na estrada OU-320 (KM.17,720 ata o km 14,020), os días **16, 17 e 18 de Agosto de 2024**, cá póliza de seguros nº 048199299 de ALLIANZ SEGUROS e REASEGUROS S.A.. que as mesma acompaña, e solicitando a correspondente licenza desta Alcaldía e poder facer uso do Pavillón Municipal, os días 16, 17 e 18 de Agosto; tendo en conta que se cumpren os requisitos esixidos pola lei 10/2017, do 27 de decembro de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, esta Alcaldía.

DISPÓN autorizar:

A celebración da devandita proba deportiva, na mencionada estrada (km. 17,720 ata o km. 14,020) e casco urbán deste termo municipal, durante os referidos días, tal como se solicita. Poderán instalarse nos accesos a Taboadela as pertinentes asistencias técnicas e mecánicas correspondentes a cada equipo participante, así como a utilización do Pavillón Municipal. O remate da proba e posteriores eventos axustaránse ó horario fixada regulamentariamente polo órgano competente.

Esta autorización emítese aos únicos efectos da proba deportiva que se especifica na solicitude, segundo os datos que se aportan, a información de que se dispón e refírese exclusivamente aos aspectos de cumprimento da lixislación vixente.

Asimesmo poderán establecerse no recinto da proba, e accesos á mesma, postos de bebidas, comida rápida como postos de bocadillos ou similares, sempre que estén acondicionados e asentados sobre remolque ou similar e que permita unha fácil ubicación ou traslado en caso de ser necesario. Igualmente cumprírase a Orde Ministerial do 3 de Outubro de 1973, que prohíbe a fabricación, circulación e venda de certos obxectos explosivos para uso infantil, sendo tamén responsable o titular da licenza dos incendios que se puideran ocasionar por uso de foguetes, globos, fogos de artifício e similares.

Así mesmo, no que se refire a instalación eléctrica que se utilice para a iluminación do recinto dos festexos, faise constar de modo expreso, que deberá ser realizada por **INSTALADOR AUTORIZADO**, en cumprimento co ordenado no parágrafo 2º do artigo 24 do regulamento electrónico por baixa tensión, do 20 de setembro de 1973.

ADVERTENCIA: A Escudería Taboadela declara responsablemente que a póliza de seguros nº 048199299 de ALLIANZ SEGUROS e REASEGUROS S.A., achegada xunto coa declaración responsable, lles cubre pola **responsabilidade civil** da devandita proba, avalada pola Federación Galega de Automovilismo.

